

TRADE FAIR

# SUPERZOO 2025

Feira internacional de produtos e servizos para o sector pet

13 – 15 agosto  
Las Vegas (EE. UU.)

# SUPERZOO

LAS VEGAS · 2025

The pet retail event in North America

## Misión directa en Las Vegas (USA). Agosto 2025.

O Clúster Alimentario de Galicia (Clusaga) impulsa unha misión comercial directa de empresas e entidades socias na feira internacional SUPERZOO 2025, que se celebrará do 13 ao 15 de agosto de 2025 no Mandalay Bay Convention Center, en Las Vegas (Estados Unidos). O programa de formación e networking profesional desenvolverase a partir do 12 de agosto.

### SOBRE SUPERZOO

SUPERZOO está considerada a principal feira profesional de referencia en Norteamérica para o sector pet retail. Reúne fabricantes, distribuidores, cadeas comerciais, tendas especializadas, importadores e prescritores que buscan novidades en alimentación, accesorios, saúde, hixiene, grooming e servizos para mascotas.

### DIMENSIÓN E ALCANCE

A edición 2025 contará cun recinto feiral de máis de 350.000 pés cadrados, con máis de 1.100 expositores, 1.000 lanzamentos de produto e arredor de 22.000 profesionais do sector. O evento destaca tamén pola presenza de máis de 10.000 compradores cualificados e máis de 65 sesións formativas especializadas.

### PLATAFORMA DE VISIBILIDADE

SUPERZOO constitúe unha plataforma estratéxica para identificar tendencias de mercado nos Estados Unidos, detectar oportunidades comerciais e reforzar o posicionamento internacional das marcas participantes. A feira combina exposición comercial, formación sectorial e espazos de networking orientados á xeración de negocio.

### MÁIS INFORMACIÓN

Para máis detalles sobre a feira, categorías de produto, programa de actividades e requisitos de participación, pódese consultar a web oficial de SUPERZOO e contactar co equipo de Clusaga.

### Detalles da participación

A participación articularase baixo coordinación de Clusaga, e servizos adaptados ao número final de empresas interesadas.

O custo definitivo da participación comunicarase unha vez pechado o grupo e confirmadas as condicións técnicas e loxísticas da actuación.

As empresas participantes poderán analizar a compatibilidade desta acción coas liñas de apoio á internacionalización que estean vixentes no momento da solicitude.

### Máis información

global@clusaga.org | 881 023 853

Proxecto cofinanciado pola Unión Europea



INSTITUTO GALEGO  
DE PROMOCIÓN  
ECONÓMICA



Co-financiado pola  
Unión Europea



Fondos Europeos



clúster alimentario de galicia